

VISITA E COÑECE GALICIA

Tipo 1: Espazos Naturais da Reserva da Biosfera das
Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

Marismas de Betanzos. Observación de aves

Domingo 19 outubro

CONTIDOS DA VISITA

As Marismas de Betanzos abarcan unha gran extensión de humidaís dende a desembocadura dos ríos Mandeo e Mero até a ponte do Pedrido. O seu alto valor ecolóxico fai que sexa uns dos lugares preferidos polas aves migratorias para descansar durante os seus longos percorridos. É un hábitat de vital importancia no que poderemos ver mazaricos, a pillara papuda ou garzas reais entre outras especies.

Para rematar, coñeceremos a labor de eliminación de plantas invasoras realizado por Fragas do Mandeo na praia da Alameda.

Guiada pola Sociedade Galega de Historia Natural. Delegación As Mariñas.

Duración?

De 09.30 a 13.30h (hora de chegada estimada)

Quen pode participar?

Adultos e mozos acompañados (+12 anos)

Como solicitar a praza?

A través dun formulario online en www.sada.gal

Prazo de solicitude

Do 6 ao 12 de outubro

A listaxe de adxudicación de prazas será publicado o 14 de outubro en www.sada.gal

Equipamento

Roupa e calzado axeitado para camiñar por zonas que poden estar anegadas

Prismáticos (recomendable)

TEN EN CONTA QUE...

- Está incluído o transporte en minibus ida e volta dende Sada.
- Hai 20 prazas por roteiro, en caso de máis solicitudes que prazas, haberá sorteo e terán preferencia as persoas empadroadas.

SE TES ALGUNHA DÚBIDA PODES CONTACTAR

Oficina da Xuventude 981.620331

omixsada@gmail.com

